

## Plan de traballo. Música 2º ESO

### Semana 16 a 19 .-1 sesión

-Práctica instrumental:

Practica as partituras que entregamos na clase. Á volta faremos a proba para avaliar.

Practica con este tutorial a canción de "Imagine"

<https://www.youtube.com/watch?v=gpi7jw32I6U>

### Semana 23 a 27. -2 sesións

-Práctica instrumental:

Practica as partituras que entregamos na clase. Á volta faremos a proba para avaliar.

-Linguaxe musical:

RITMO

5 Señala os compases que estean completados incorrectamente.

6 Adiviña en qué compás -2/4, 3/4 ou 4/4- está escrita cada melodía. Escribo no lugar correspondente da partitura.

7 Completa os seguintes dictados rítmicos.

8 Le rítmicamente as seguintes series.

Observa os seguintes exercicios. Están correctos. Faremos unha proba con exercicios similares. Fíxate nos compases. Practica a lectura rítmica do exercicio 8. Lé coa fruta os pentagramas do exercicio 6.

Este é o próximo tema: a Música tradicional galega.

Lé os contidos. Elabora as preguntas para o exame. Busca as imaxes dos instrumentos na internet.

## MÚSICA TRADICIONAL GALEGA

### 1-Que é a música tradicional ?


*A música tradicional é a que vai ligada á cultura de cada pobo. Ten características propias que a fan diferente á música dos outros pobos. Os instrumentos, o idioma, a sociedade, a natureza, os traballos, os obxectos sonoros do entorno...a cultura propia é a que constrúe a música tradicional, que ademais é feita polo pobo e transmitida de xeito oral.*

**2-As festas cíclicas do ano:** sempre había música e cantigas nelas relacionadas coa festividade. Eran as seguintes: Cantos de Nadal, Aninovo e Reis, Entroido, Os maios, Festas relacionadas co campo: a sega, a malla, vendima...coas súas coplas. O Magosto, As Fogueiras... Tamén os oficios tiñan as súas coplas e cantos, os canteiros, arrieiros, ferreiros...

### 3-Instrumentos aerófonos tradicionais.

A GAITA

*A gaita, que pertence ao grupo xenérico chamado “cornamusas”, é un instrumento moi antigo, xa existía na antiga Grecia, foise espallando hacia Europa quedando como instrumento popular en moitos pobos diferentes, en cada un ten as súas características propias.*



### **OUTROS AERÓFONOS:**

- A REQUINTA: Fruta traveseira de madeira
- O ACORDEÓN: Traído polo emigrantes retornados.
- A OCARINA: frautiña de barro en forma esférica ou alongada.
- A FRAUTA PASTORIL: fruta que empregaban os pastores, de madeira, como a fruta doce, servía tamén para practicar as notas do punteiro da gaita.

### **4. INSTRUMENTOS DE PERCUSIÓN. Membranófonos e idiófonos.**

Membranófonos:

*pandeiro cadrado*

*pandeyreta ( membrana e ferreñas)  
bombo  
caixa e tamboril  
pandeyra*

Idiófonos:*tarrañolas, castañolas, xistros e charrascos*

**5- Instrumentos cordófonos.** Eran tocados habitualmente por moinantes para acompañar ao canto. Romances de cego...Básicamente a *Zanfona e o Violín*

**6-Describe unha zanfona:** Clasifica o instrumento, sitúao no tempo, describe o xeito de tocalo nomeando as partes máis importantes.

*Instrumento de orixe medieval, no pórtico de Gloria, da catedral de Santiago, aparece representado un organistrum, antecesor da zanfona. Nas cantigas medievais aparece ilustrando os textos.*

*É un instrumento de corda fretada. Unha roda freta as tres “cordas cantantes”, as outras dúas son “bordóns” (fan un son ronco contínuo). Ten un teclado que acciona unas pezas de madeira que pinzan as cordas dando lugar á melodía.*

**7-Que son os obxectos sonoros nas músicas tradicionais dos pobos?**

*Son obxectos do entorno ou da vida cotiá que teñen unha sonoridade aproveitábel. Non son instrumentos porque non son construídos para esse fin.*

*Cita algúns habituais na nosa música tradicional.*

*As culleres. As cunhas de vieira. A botella de vidro de anís.*

*As latas do aceite. Táboas de lavar. Piñas, tixolas, sachos...*

**8-Cita cinco bailes tradicionais galegos:**

*Muiñeira, Pandeyrada, Xota, Pasodoble*

*Ribeirana, Maneo,*

*Danzas procesionais: por exemplo a danza das espadas de Baiona que bailan os pescadores.*

**9-Que instrumentos acompañan á muiñeira?**

*Gaitas, bombo, pandeyreta, caixa.*

**10.-Cal é a formación de músicos tradicional?**

*Dous gaiteiros, unha caixa e un bombo*

**11-Traxe galego tradicional:**

**Traxe feminino:**

*Chambra: roupa interior en dúas partes: chamadas cos a superior e aba a inferior (eran como unha enauga de corpo enteiro).*

*Os pololos era unha especie de calzas que se puñan baixo a falda ou a enauga.*

*Por riba vestíase unha saia (en ocasións chamada refaixo )*

*Inda se podía por por riba da saia outras pezas coma o mantelo, a xeito de mandil grande que non chegaba a cruzarse na parte traseira, ou unha vasquiña profusamente adornada, que a diferenza do mantelo cubría a saia enteira. Por riba da camisa podía vestirse un mantón cruzado, ben de caxemira ou de la, un corpiño (especie de chaleco moi axustado) que se chamaba xustillo se era interior. O denque era unha especie de capa que cubría os ombros e que se cruzaba no peito, sendo propio de días de festa. Inda que era habitual ir descalzos, tamén usaban zapatos con medias*

caladas nos días de festa, ou [escarpíns](#) para andar por casa sobre os que se podía por unhas [zocas](#) de madeira se era preciso. Os [zocos](#) ou [tamancas](#) tamén eran moi usados tanto por homes como por mulleres. A cabeza ía moitas veces cuberta, ben por panos, [cofias](#), [sombreiros](#). No caso de non ser así o pelo, sempre longo, ía recollido en trenzas ou un moño.

### **Traxe masculino**

Como roupa interior o home usaba un [calzón corto](#), sobre o que se puñan unhas [cirolas](#) máis cortas que a deixaban ver, xunto cunhas [polainas](#) que chegaban algo mais abaixo do xeonllo. Co tempo pasaron a usarse pantalóns ata os nocelos, pero as polainas de coiro eran útiles nas tarefas agrícolas e gandeiras. A cintura cinguíase unha [faixa](#) de lá a xeito de abrigo e protección dos cadrís. A faixa ía por riba do pantalón e da camisa, ou incluso do chaleco. A camisa en si era ampla, adornada nas partes visibles e cinguida nos puños e no pescozo. Sobre el púñase un [chaleco](#), unha [chaqueta](#) curta ou unha [almilla](#). A diario os homes ían descalzos, pero tamén usaban zapatos se ían de gala, ou tamancas ou zocas no caso de ir traballar. A cabeza cubríase cun pano e sobre el unha [monteira](#) ou un pucho, ou mais recentemente sombreiros.

Unha peza especial son as [corozas](#), unha capa feita de xuncos, que as veces tiñan carrapucha, usada en épocas de choiva por resgardar desta e por ser lixeiras.